

2º CICLO - EDUCACIÓN SECUNDARIA

Lingua galega e Literatura

3

A ~~des~~crición

Luís Bará Torres
M. Lourenzo González

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



Introdución á descrición (páx. 7)

- Identificación e caracterización dos textos descritivos (8)
- Clasificación dos textos descritivos (9)
- Ámbitos de uso dos textos descritivos (10)
- A descrición con imaxes (12)

Unidade 1: Persoas (páx. 13)

Módulo a: Textos	Módulo b: O sistema da lingua	Módulo c: Lingua e sociedade
<ul style="list-style-type: none"> • Textos (14) • Actividades de comprensión (17) • Actividades de expresión (19) 	<ul style="list-style-type: none"> • Gramática textual <ul style="list-style-type: none"> – A denominación: substantivos e adxectivos (22) 	<ul style="list-style-type: none"> • Contextos (32)
	<ul style="list-style-type: none"> • Léxico-Semántica <ul style="list-style-type: none"> – Adxectivos referidos á persoa (26) <ul style="list-style-type: none"> *Identificación (26) *O físico (26) *Personalidade (28) – Vestimenta e complementos (29) – Os nomes de persoa (30) 	<ul style="list-style-type: none"> • Literatura <ul style="list-style-type: none"> – Os personaxes na literatura (36) <ul style="list-style-type: none"> – Vicente Risco: a visión satírica do personaxe (37) – Álvaro Cunqueiro: visión humorística e tenra do personaxe (38) – Exercicios de estilo: adxectivación (39) • Medios <ul style="list-style-type: none"> – Heroes e antiheroes na banda deseñada (40)

Unidade 2: Paisaxes (páx. 43)

Módulo a: Textos	Módulo b: O sistema da lingua	Módulo c: Lingua e sociedade
<ul style="list-style-type: none"> • Textos (44) • Actividades de comprensión (45) • Actividades de expresión (50) 	<ul style="list-style-type: none"> • Gramática textual <ul style="list-style-type: none"> – A localización: complementos de lugar (52) 	<ul style="list-style-type: none"> • Historia da lingua <ul style="list-style-type: none"> – Orixe da lingua galega (62)
	<ul style="list-style-type: none"> • Léxico-Semántica <ul style="list-style-type: none"> – Vocabulario da natureza (56) <ul style="list-style-type: none"> *A auga: o mar e o río (56) *Tipos de terreo (57) *Árbores froiteiras (58) *Plantas, arbustos e árbores non froiteiras (59) – Os nomes de lugar (60) 	<ul style="list-style-type: none"> • Literatura <ul style="list-style-type: none"> – Poesía e paisaxe (66) <ul style="list-style-type: none"> – Uxío Novoneyra: a visión emotiva da paisaxe (69) • Medios <ul style="list-style-type: none"> – Descrición icónica: planos, mapas, esquemas, gráficos (70)

Unidade 3: Obxectos e conceptos (páx. 73)

Módulo a: Textos	Módulo b: O sistema da lingua	Módulo c: Lingua e sociedade
<ul style="list-style-type: none"> • Textos (74) • Actividades de comprensión (77) • Actividades de expresión (79) 	<ul style="list-style-type: none"> • Gramática textual <ul style="list-style-type: none"> – Estruturas oracionais da descrición (82) 	<ul style="list-style-type: none"> • Historia da lingua <ul style="list-style-type: none"> – Formación histórica do léxico galego (90)
	<ul style="list-style-type: none"> • Léxico-Semántica <ul style="list-style-type: none"> – Obxectos e seres vivos (86) <ul style="list-style-type: none"> *Moblaxe e decoración da casa (86) *Material e mobiliario da aula (86) *Utensilios e mobiliario da cociña (87) *Ferramentas e utensilios (88) *Animais (89) 	<ul style="list-style-type: none"> • Literatura <ul style="list-style-type: none"> – Obxectos e seres máxicos na literatura (94) – Exercicios de estilo: da comparación á metáfora (96) • Medios <ul style="list-style-type: none"> – A descrición na publicidade (98)

Unidade 4: Conxuntos (páx. 101)

Módulo a: Textos	Módulo b: O sistema da lingua	Módulo c: Lingua e sociedade
<ul style="list-style-type: none"> • Textos (102) • Actividades de comprensión (102) • Actividades de expresión (106) 	<ul style="list-style-type: none"> • Gramática textual <ul style="list-style-type: none"> – Gramática textual da descrición (108) 	<ul style="list-style-type: none"> • Contextos (116)
	<ul style="list-style-type: none"> • Léxico-Semántica <ul style="list-style-type: none"> – Vivenda e construcións. – Paisaxe rural e urbana (114) – Vías de comunicación terrestre (115) – Substantivos e adxectivos referidos á sensorialidade (115) 	<ul style="list-style-type: none"> • Literatura <ul style="list-style-type: none"> – Escenarios e ambientes na historia da literatura galega (120) – Eduardo Blanco Amor: a cidade como espazo opresivo (121) • Medios <ul style="list-style-type: none"> – Planos e ángulos (122)

Organización dos contidos

O presente libro sobre A DESCRICIÓN é o primeiro dunha secuencia didáctica para Lingua Galega e Literatura destinada ao Segundo Ciclo da Educación Secundaria.

Na organización destes materiais baseámonos nas novas orientacións da teoría lingüística xurdidas nas últimas décadas (sociolingüística, pragmática, lingüística do texto...), que consideran que o **texto**, entendido como unidade comunicativa de sentido global, debe ser o núcleo sobre a que se centre o proceso de ensino-aprendizaxe da Lingua.

A secuencia didáctica está composta por catro volumes, cada un dos cales se centra no estudo dun tipo de texto:

	3º curso da ESO	4º curso da ESO
Primeiro cuadrimestre	A DESCRICIÓN	O DIÁLOGO
Segundo cuadrimestre	A NARRACIÓN	A EXPOSICIÓN

Cada volume está composto por cinco Unidades Didácticas: unha Unidade 0 que serve de introdución e catro Unidades nas que se desenvolve a materia segundo criterios temáticos e estruturais.

Para este libro escollemos un criterio de clasificación temática, que nos permite diferenciar descrición de persoas, de obxectos, de seres vivos, de paisaxes, de ambientes, de conceptos, etc. Por motivos de eficacia didáctica reducimos esta clasificación aos seguintes catro grupos:

Unidade Didáctica 1: Descrición de persoas.

Unidade Didáctica 2: Descrición de paisaxes.

Unidade Didáctica 3: Descrición de obxectos e conceptos.

Unidade Didáctica 4: Descrición de conxuntos (persoas, obxectos e paisaxes).

Dentro de cada Unidade Didáctica desenvólense os bloques de contidos do DCB (lingua e sociedade, lingua oral, lingua escrita, a lingua como obxecto de reflexión, lingua literaria, e lingua e medios de comunicación) organizados nos seguintes Módulos:

Módulo a Textos	Comprensión oral e escrita Expresión oral e escrita	Escolma de textos xornalísticos, académicos, publicitarios, literarios, coloquiais, etc., a partir dos cales se propoñen actividades de comprensión e expresión.
Módulo b O sistema da Lingua	Gramática do texto Léxico-semántica	Reflexión teórica sobre o sistema da lingua que se centra na análise das estruturas textuais e das estruturas léxico-semánticas, e que axudan a mellorar o proceso de comprensión e produción de textos.
Módulo c Lingua e Sociedade	Sociolingüística: Historia da lingua Contextos	Estudio histórico da lingua combinado coa análise do seu funcionamento actual en ámbitos de uso específicos.
	Literatura	Estudio dos textos literarios desde distintas perspectivas: historicista, temática, por xéneros, etc., e análise das características propias da linguaxe literaria.
	Medios de masas	Análise das características específicas dos medios de comunicación de masas reparando especialmente na interrelación entre a linguaxe verbal e outras linguaxes.

Criterios para a utilización dos presentes materiais

1. O obxectivo último do proceso de ensino-aprendizaxe da lingua é a ampliación da **competencia comunicativa** dos alumnos e alumnas; esta idea conleva unha clara preponderancia do traballo coas habilidades lingüísticas (**escoitar, falar, ler, escribir**) sobre o coñecemento teórico. Neste sentido entendemos que a Gramática non debe ser considerada un fin en si mesma, senón un medio auxiliar e necesario para mellorar o uso da lingua. Recomendamos, por tanto, a utilización conxunta dos Módulos a e b do libro (Comprensión e Expresión, e O sistema da lingua, respectivamente).

2. Un marco teórico-práctico que outorga tanta relevancia ao uso da lingua en contextos reais de comunicación non debe ocultar a realidade lingüística de Galiza, na que dúas linguas, galego e español, compiten en condicións certamente desiguais por ocuparen os mesmos ámbitos de uso. Unha **didáctica normalizadora** debe ter, por tanto, como obxectivo prioritario conseguir que os usuarios e usuarias do galego coñezan os condicionamentos socio-políticos que actúan sobre as linguas e adquiran a capacidade para usaren o galego normalmente naqueles contextos que na actualidade están monopolizados polo español.

3. A lingua é unha realidade viva, dinámica e diversa, e un elemento fundamental para a organización do pensamento e das relacións sociais dos seres humanos. De aí que o seu estudo deba conducirse por medio de prácticas dinamizadoras, que promovan a comunicación interpersonal, o debate, a crítica, e o traballo en grupo, no camiño do **desenvolvemento integral da persoa**.

Ao mesmo tempo, a aprendizaxe da lingua debe reflectir a diversidade de situacións reais de comunicación, polo cal manexamos unha **ampla variedade de textos**. Aliás, en contra da excesiva preeminencia que se lle ten dado á dimensión escrita da lingua, especialmente na súa variante estandarizada, recomendamos unha maior atención á práctica da **oralidade** e ao traballo con textos do rexistro coloquial.

4. No tocante á **temporalización dos materiais**, os libros presentan unha programación cuadrimestral. Debido ás limitacións de tempo, non será posíbel levar á práctica todas as actividades que se propoñen, polo que cada profesora ou profesor, de acordo coa súa concepción didáctica e as necesidades reais do seu alumnado, deberá facer un traballo de selección das actividades e os contidos aos que se dedicará unha maior atención nas aulas.

5. Por último, en relación cos **criterios de avaliación**, recomendamos o seguimento continuado do proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas mediante a realización das actividades propostas nos diferentes Módulos de cada Unidade. Por outra parte, a Unidade 4 presenta características que a fan apta para globalizar moitos dos contidos e procedementos estudados ao longo do libro.

Opción ortográfica utilizada

Séguese as directrices emanadas das normas do ILG-RAG, coñecidas como normativa oficial. Naqueles casos en que as normas permiten escoller entre varias opcións, acollémonos á máis acorde coa nosa tradición histórica:

- escrita ao/aos para a contracción da preposición a+ artigo, se ben na fala a pronuncia debe ser /ɔ / e /ɔs/;
- preferencia polos sufixos patrimoniais -bel/-beis e -aría fronte ás formas en -ble/-bles e -ería respectivamente (amábel/amábeis, libraría);
- eliminación da primeira consoante do grupo culto -ct- cando vai precedido de i ou -u (víti-ma, estrutura).

Dentro do debate que se está a dar na actualidade verbo da estandarización do galego, acreditamos na necesidade de seguir dando pasos cara a unha maior aproximación ao portugués, se ben conservando a identidade do galego como lingua de seu.

Identificación e caracterización dos textos descritivos

¿Que é a descrición?

Describir consiste en explicar como é un ser, obxecto, lugar ou sentimento. A descrición conleva a enumeración das partes que compoñen o elemento, a mención das súas características e a súa situación no espacio.

Características lingüísticas da descrición

O texto descritivo presenta unha serie de características estruturais, gramaticais e léxico-semánticas que o diferencian dos outros tipos textuais:

- a) Organización da información conforme un criterio espacial: do conxunto ás partes, de arriba a abaixo, de lonxe a perto, de dentro a fóra, de esquerda a dereita, etc.
- b) Predominio de clases de palabras que se empregan para denominar os elementos da realidade descrita (substantivos) e para informar sobre as súas características (adxectivos).
- c) Relevancia das expresións que sitúan os elementos no espacio (adverbios e frases preposicionais de sentido locativo).
- d) Uso de verbos en presente e pretérito imperfecto.
- e) Preponderancia das estruturas oracionais atributivas. Outras construcións sintácticas frecuentes son as comparativas e as adversativas.
- f) Sintaxe sinxela, con preeminencia da coordinación sobre a subordinación.
- g) Uso de procedementos de cohesión textual específicos; ademais dos conectores espaciais, é propio dos textos descritivos o emprego de diversos procedementos de relación léxico-semántica entre palabras: sinonimia, antonimia, derivación, hiponimia/hiperonimia.

A terra de Galicia

DESPOIS encóntrase a terra de Galicia, unha vez atravesada a raia de León e pasados os portos do monte Irago e do monte Cebreiro.

É unha terra chea de soutos, agradábel polos seus ríos e prados e polas excelentes maceiras e tamén polas súas clarísimas fontes. Pero escasean nela as cidades, as vilas e as terras de pan-levar; é escasa en pantrigo e en viño, mais farturenta en pan de centeo e en sidra, en gando e en bestas, en leite e en mel; os peixes do mar son enormes, pero raros; no tocante ao ouro e a prata, a tecidos e a peles de bichos bravos e dos outros, é moi abundante; tamén é rica en tesouros sarracenos.

Os galegos son, máis que ningún outro pobo inculto de España, os que máis se parecen, polos seus costumes, á nosa xente gala. Mais téñenos por iracundos e litigantes.

Liber Sancti Jacobi ou Codex Calixtinus



Clasificación dos textos descritivos

a) Segundo a maneira de representar a realidade:

– Descrición realista ou obxectiva: o observador pretende dar unha visión do obxecto tal como é; soe aparecer en textos pertencentes a ámbitos académicos (definicións de dicionarios e de enciclopedias, manuais especializados...), xurídico-administrativos (documentos notariais, informes...) e xornalísticos (noticias, reportaxes...).

– Descrición non realista ou subxectiva: a visión do obxecto está condicionada por un criterio persoal, co que se pretende idealizar (descrición idealizada), deformar (descrición satírica, expresionista...), transmitir impresións producidas no observador (descrición impresionista), etc. Este tipo de descrición é característica do discurso literario e da publicidade.

O carballo

O CARBALLO (*Quercus robur*) é unha árbore característica do clima oceánico, de medra lenta e vida moi longa, que pode superar os 30 metros de altura. Ten a casca lisa cando novo, á cal posteriormente se lle van formando unhas profundas fendas. As súas follas, dun verde escuro pola face e máis claro polo envés, posúen un bordo tipicamente lobulado, e o pecíolo moi curto. Florece en primavera e frutifica durante o verán. O froito, a landra ou belota, cae en outono, e ten forma de pedúnculo.

VV. AA.: Paisaxes de Galicia


Carballos

¡Carballos rexos, potentes,
calados ou musicales
que loitais como valentes
coas xistras e os vendavales!

¡Duros carballos verdeados,
petrucios e sedentarios!
¡Estades na Cha chantados
solemnes e centenarios!

¡Como amo a vosa beleza
da máis baril sobriedade!
¡Que sensación de forteza
ollando prá eternidade!

Manuel María: Terra Cha



DESCRICIÓN REALISTA	DESCRICIÓN NON REALISTA
<ul style="list-style-type: none"> – visión obxectiva – enumeración precisa dos elementos e das súas características – vocabulario denotativo – escaso uso de figuras estilísticas 	<ul style="list-style-type: none"> – visión subxectiva – selección de determinados elementos e características – vocabulario connotativo – abundancia de recursos estilísticos: metáfora, metonimia, hipérbole, personificación, adxectivación...

b) Segundo o tema da descrición:

– Descrición de persoas. Atendendo aos datos incluídos na caracterización, distinguimos: a **prosopografía** (descrición dos trazos físicos), a **etopeia** (descrición dos trazos psicolóxicos) e o **retrato** (descrición física e psicolóxica).

- Descrición de seres da natureza e obxectos.
- Descrición de realidades abstractas (sentimentos, sensacións, conceptos).
- Descrición de paisaxes naturais.
- Descrición de conxuntos e ambientes.